

Modelo MD85PRO01

Programación Didáctica.

Centro: CMUS Profesional Xan Viaño de Ferrol

Materia/disciplina: **CLARINETE**

Curso: 2024 - 2025



Índice

1. Introducción	7
2. Metodoloxía	8
3. Atención á diversidade	9
4. Temas transversais	11
4.1 Educación en valores.	11
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).	11
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	12
6. Secuenciación do curso	13
6.1. 1º Grao Elemental	13
6.1.1. Obxectivos.	13
6.1.2. Contidos.	13
6.1.3. Avaliación.	14
6.1.3.1 Criterios de avaliación.	14
6.1.3.2 Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe)	14
6.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.	15
6.1.3.4 Criterios de cualificación.	16
6.1.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.	16
6.1.4. Medidas de recuperación.	17
6.1.5. Probas extraordinarias.	17
6.1.6. Repertorio orientativo.	18
6.2. 2º Grao Elemental.	18
6.2.1. Obxectivos.	18
6.2.2. Contidos.	19
6.2.3. Avaliación.	19
6.2.3.1 Criterios de avaliación.	19
6.2.3.2 Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe).	20
6.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.	21
6.2.3.4 Criterios de cualificación.	21
6.2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.	22

6.2.4. Medidas de recuperación.	22
6.2.5. Probas extraordinarias.	23
6.2.6 Recursos didácticos.	23
6.3. 3º Grao Elemental.	24
6.3.1. Obxectivos.	24
6.3.2. Contidos.	24
6.3.3. Avaliación.	25
6.3.3.1 Criterios de avaliación.	25
6.3.3.2. Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe).	26
6.3.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación.	26
6.3.3.4. Criterios de cualificación.	27
6.3.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.	27
6.3.4. Medidas de recuperación.	28
6.3.5 Probas extraordinarias.	29
6.3.6. Recursos didácticos.	29
6.4. 4º Grao Elemental.	29
6.4.1. Obxectivos.	29
6.4.2. Contidos.	30
6.4.3 Avaliación.	31
6.4.3.1 Criterios de avaliación.	31
6.4.3.2. Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe).	31
6.4.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación.	32
6.4.3.4 Criterios de cualificación.	32
6.4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.	33
6.4.4. Medidas de recuperación.	34
6.4.5 Probas extraordinarias.	34
6.4.6. Recursos didácticos.	34
6.5. 1º Grao Profesional.	35
6.5.1. Obxectivos.	35
6.5.2. Contidos.	36
6.5.3. Avaliación.	36
6.5.3.1 Criterios de avaliación.	36

6.5.3.2 <i>Mínimos esixibles. (IA: Indicativo de aprendizaxe)</i>	37
6.5.3.3 <i>Procedementos e ferramentas de avaliación.</i>	38
6.5.3.4 <i>Criterios de cualificación.</i>	38
6.5.3.5 <i>Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.</i>	39
6.5.4. Medidas de recuperación.	39
6.5.5 Probas extraordinarias	40
6.5.6. Recursos didácticos.	40
6.6. 2º Grao Profesional.	41
6.6.1. Obxectivos.	41
6.6.2. Contidos	42
6.6.3. Avaliación.	42
6.6.3.1 <i>Criterios de avaliación.</i>	42
6.6.3.2 <i>Mínimos esixibles. (IA: Indicativo de aprendizaxe).</i>	43
6.6.3.3 <i>Procedementos e ferramentas de avaliación.</i>	43
6.6.3.4 <i>Criterios de cualificación.</i>	44
6.6.3.5 <i>Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.</i>	44
6.6.4. Medidas de recuperación.	45
6.6.5 Probas extraordinarias.	46
6.6.6. Recursos didácticos.	46
6.7. 3º Grao Profesional.	47
6.7.1. Obxectivos.	47
6.7.2. Contidos.	47
6.7.3. Avaliación.	48
6.7.3.1 <i>Criterios de avaliación.</i>	48
6.7.3.2 <i>Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe)</i>	49
6.7.3.3 <i>Procedementos e ferramentas de avaliación.</i>	49
6.7.3.4 <i>Criterios de cualificación.</i>	50
6.7.3.5 <i>Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.</i>	50
6.7.4. Medidas de recuperación.	51
6.7.5. Probas extraordinarias.	52
6.7.6. Recursos didácticos.	52
6.8. 4º Grao Profesional.	52

6.8.1. Obxectivos.	52
6.8.2. Contidos.	53
6.8.3. Avaliación.	54
6.8.3.1 Criterios de avaliación	54
6.8.3.2 Mínimos esixibles. (IA: Mínimos esixibles).	54
6.8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.	55
6.8.3.4 Criterios de cualificación.	56
6.8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.	56
6.8.4 Medidas de recuperación.	57
6.8.5. Probas extraordinarias.	57
8.8.6 Recursos didácticos.	58
6.9. 5º Grao Profesional.	58
6.9.1. Obxectivos.	58
6.9.2. Contidos	59
6.9.3. Avaliación.	59
6.9.3.1 Criterios de avaliación.	59
6.9.3.2 Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe).	60
6.9.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.	61
6.9.3.4 Criterios de cualificación.	61
6.9.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.	62
6.9.4 Medidas de recuperación.	62
6.9.5. Probas extraordinarias.	63
6.9.6 Recursos didácticos.	63
6.10. 6º Grao Profesional	64
6.10.1. Obxectivos.	64
6.10.2. Contidos.	64
6.10.3. Avaliación.	65
6.10.3.1 Criterios de avaliación.	65
6.10.3.2 Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe).	66
6.10.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.	66
6.10.3.4 Criterios de cualificación.	67
6.10.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.	67
6.10.4 Medidas de recuperación.	68

6.10.5. Probas extraordinarias.	69
6.10.6 Recursos orientativos.	69
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.	70
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.	71
9. ANEXOS	72
9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional.	72
9.1.1. Contidos	72
9.1.2. Criterios de avaliación e cualificación:	72
9.1.3. Repertorio orientativo:	73
9.2. Probas de acceso a outros cursos	73
9.2.1. Probas de Acceso de 2ª a 4ª G.E.	74
9.2.1.1 2º Grao Elemental.	74
9.2.1.2 3º Grao Elemental.	74
9.2.1.3. 4º Grao Elemental	75
9.2.1.4 Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 2º, 3º e 4º G.E.	76
9.2.2. Probas de Acceso de 2º a 6º G.P.	76
9.2.2.1 Acceso a 2º de GP	76
9.2.2.2. Acceso a 3º de GP	77
9.2.2.3. Acceso a 4º de GP	78
9.2.2.4. Acceso a 5º de GP	79
9.2.2.5. Acceso a 6º de GP	80
9.2.2.6 Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 2º a 6º G.P.	81
9.3. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.	81
9. 4 Rúbrica de avaliación.	83
9. 5 Rúbrica de calibración.	83

1. Introducción

A presente programación constitúe o terceiro nivel de concreción curricular; está realizada seguindo o primeiro nivel, a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, Título I, Capítulo VI e o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na comunidade autónoma de Galicia. No seu artigo 45 establece que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de setembro: *A finalidade do grao elemental (GE) das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A finalidade do grao profesional (GP) das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais.*

O segundo nivel de concreción curricular virá dado polo Proxecto Educativo, onde se especificaría o entorno socio-económico do alumnado, as características do centro, as liñas xerais de actuación pedagóxica, etc

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes da especialidade de clarinete deste centro.

2. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos e didácticos que se presentan a continuación guiarán ao profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe:

- Partirase das capacidades, características e nivel do alumnado e actuarase en consecuencia, traballando na zona de desenvolvemento próximo, é dicir, salvando a distancia entre o que o alumno é capaz de facer por si mesmo e o que é capaz con axuda. Aseguraremos a consecución de aprendizaxes significativas e funcionais, establecendo vínculos entre os novos contidos e coñecementos e os que xa se posúen. Para conseguir esta aprendizaxe significativa é fundamental que o alumnado estea activo, posto que a única forma de conseguir a aprendizaxe é mediante a actividade mental, reelaboración de informacións, etc.

- Búsqueda da auto aprendizaxe. Considérase fundamental que o alumnado desenvolva as estratexias e mecanismos precisos para ser capaz de aprender pola súa conta, estratexias e mecanismos que irán evolucionando paulatinamente, de acordo co nivel no que se atope.

- Intentarase sempre que a metodoloxía sexa activa e lúdica, fomentando a curiosidade xa que esta é o motor do éxito.

- Crearase un clima de aceptación mutua, seguridade, cooperación e confianza, tanto entre o alumnado como co profesorado. Isto conseguirase mediante a toma colectiva de decisións, a superación de conflitos mediante o diálogo, a coordinación entre diferentes intereses, a axuda mutua, etc.

- Enténdese a clase de instrumento como inseparable do resto de materias que se están a estudar, polo que se manterá contacto directo co resto do profesorado, realizando seguimento como titor; téntase conseguir dende o centro que o alumnado consiga unha formación musical integral.

3. Atención á diversidade

O ACNEAE, ou alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é todo aquel que precisa unha atención educativa diferente á ordinaria. Inclúe a alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), con dificultades específicas de aprendizaxe (DEA), con trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo ou con condicións persoais ou de historia escolar particulares.

O ACNEE, ou alumnado con necesidades educativas especiais é aquel con trastornos graves da conducta, que está no espectro autista ou cunha discapacidade física, mental, visual, auditiva... Este alumnado contará cun informe de avaliación psicopedagóxica e ditame de escolarización na escola ou instituto, así coma un plan de traballo individualizado de ser preciso.

As medidas de atención á diversidade inclúen apoio e comunicación co alumnado, asesoramento na simultaneidade cos estudos xerais ou varias especialidades, ampliación ou anulación de matrícula, desenvolvemento de técnicas de estudo, comunicación e colaboración con familias, adaptación de instalacións, etc.

Como a presente materia é de atención individual poderase atender ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado tan pronto como se teña noticia. O diagnóstico nas diferentes sesións de clase, especialmente na primeira, así como o contacto directo con pais, nais ou titores será esencial en detectar e atender ditas necesidades. A parte da hora de clase, algunhas das horas de tutoría poderán estar destinadas a este tipo de labor ao igual que as horas de reforzo.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais poderanse designar medios persoais específicos na forma de profesores de apoio, tradutores, especialistas, etc.; tomar medidas ambientais e materiais ou facilitar medios de acceso físico, xa que o centro debe ser accesible a toda a variedade de alumnado.

No caso de alumnado con altas capacidades intelectuais poderanse elaborar actividades de ampliación de contidos, actividades con maior dificultade da prevista en primeiro momento para o seu curso, actividades que busquen a súa motivación persoal, organización, que axuden á xeración de rutinas e a cohesión social.

O alumnado estranxeiro, ou que se incorpore tardiamente ao sistema educativo, pode presentar dificultades debidas á comprensión do idioma ou por diferenzas culturais. O ideal será aproveitar os coñecementos dos que dispoña previamente nas actividades que se formulen e construír

dende aí. No que se refire á comprensión do idioma, nas clases de instrumento, que son individuais, é unha dificultade salvable. Porén, intentarase sempre que o alumnado participe co resto de compañeiros nas actividades propostas para favorecer a súa inclusión no grupo.

Algunhas das medidas que se poderán tomar son a variación de tempos á hora de cumprir o programa, o uso de diferentes materiais audiovisuais e físicos, metas variables, propoñendo actividades para profundar, ou unha adaptación do currículo que non afecte a aspectos substantivos senón organizativos do profesorado, por exemplo cambiando a secuenciación de contidos, de recursos didácticos ou formas concretas de avaliación. No caso de ter que tomar medidas maiores, como por exemplo unha adaptación curricular individualizada (ACI) habería que contar coa aprobación da administración.

A partir desta Programación Didáctica elaborada polo Departamento, cada profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades. Os mesmos contidos pódense atopar en distintos estudos e/ou obras do repertorio polo que é conveniente ampliar ao máximo o abanico de obras onde elixir.

Para poder aplicar as medidas de adaptación máis convenientes será fundamental, como se mencionou anteriormente, a **avaliación inicial**, así como o contacto diario na sesión de clase e a comunicación coas familias, para poder reaccionar rapidamente ante un cambio de situación.

Neste aspecto seguirase o indicado no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Dende o centro educativo estableceranse nas normas de organización e funcionamento os procedementos para a aplicación dos protocolos e recollerán as actuacións ante situacións de **desescolarización, absentismo e/ou abandono escolar temperán**, como o control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros escolares, a información ás nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e intervención ante a detección de casos e, se procede, o traslado da información á Inspección Educativa por parte da dirección do centro.

O alumnado sometido a **medidas de protección e tutela** considerárase como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar.

O alumnado que, **procedente do estranxeiro** e cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, descoñeza algunha das dúas linguas oficiais de Galicia, presente un desfase curricular significativo ou graves dificultades de adaptación poderá recibir medidas de tipo curricular ou organizativo.

En cumprimento co establecido no artigo 5 da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, estableceranse as actuacións ou

medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos da menor embarazada e, de ser o caso, do futuro pai, de forma compatible coas exixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade. A menor de idade durante o proceso de xestación e posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención do seu fillo ou filla, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades.

As clases individuais de instrumento son o contexto ideal para a atención específica que precisará **alumnado repetidor** e aquel con **materias pendentes**. En ambos casos, o seguimento do profesorado titor en conxunción co traballo de pais, nais ou titores e do propio alumnado será fundamental para uns resultados positivos. Con este fin, elaboraranse actividades de seguimento específicas que axuden á consecución dos obxectivos do alumnado así como á súa organización e motivación.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores.

Tódalas materias grupais levarán consigo todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación doutros instrumentistas, fomentando as relacións humanas entre os alumnos/as, estimulando as capacidades múltiples de comunicación, coñecemento, colaboración, identidade persoal e autoestima. Nesta programación os temas transversais tratados son aqueles que van influír na conduta do alumnado. A educación en valores trabállase de forma continua ao longo de todo o proceso do ensino, pero especialmente na participación nas actividades propostas para conmemorar por exemplo o día dos dereitos humanos ou da muller traballadora. A educación en valores inclúe os valores musicais, da personalidade, da privacidade (online e off-line), do respecto e do compañeirismo.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).

O uso de TIC en entornas educativas busca instruír e orientar ao alumnado, motivalo, incentivar a súa capacidade investigadora e a súa creatividade. Para isto resultaría axeitado que o centro dispuxera de equipos de reprodución de son de calidade, dun equipo de gravación da maior calidade posible, cámara de gravación de vídeo, pantalla de proxección, numerosos equipos informáticos, acceso á Internet, etc.

A rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos en bibliotecas, busca de artigos especializados, de partituras, arquivos de vídeo ou audio, etc..

A aula será un espazo onde en certas ocasións se poderán empregar sempre para un uso pedagóxico: busca de información na rede, vídeos, música, metrónomo, gravacións... Nestas circunstancias as notificacións do dispositivo deberán estar desactivadas.

O uso das TIC na materia será frecuente. A súa base na internet será a aula virtual na que o alumnado terá acceso tanto a actividades obrigatorias como de ampliación ou reforzo. Entre outros estas consisten de:

- **Artigos** para a súa lectura e reflexión.
- **Vídeos** seleccionados que inclúen un formulario con preguntas.
- **Artigos** sobre a historia do instrumento.
- Actividade de realización dun vídeo coa **interpretación, análise**, etc. dunha obra do instrumento.

O alumnado terá a posibilidade de participar nesta aula virtual así como na canle de YouTube do centro. Nestes espazos, na rede o alumnado terá un posible punto de encontro co profesorado, compañeiros e compañeiras para compartir inquedanzas, vídeos do seu progreso, etc.

No caso de **gravación de probas** con finalidade pedagóxica pedirase autorización por escrito ás familias.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarse que o alumnado participe en audicións e concertos organizados dentro e fora do centro tanto dende o departamento como dende outros. Neste senso, programaranse intercambios con outros centros da Comunidade ou, se é posible, con outras Comunidades Autónomas. Tamén se animará ao alumnado a asistir a cursos especializados dentro e fora do centro, así como a concertos, charlas, exposicións, conferencias, etc. tanto de clarinete como da variedade de instrumentos e estilos musicais que os poda beneficiar no seu desenvolvemento. Tamén se proporcionará acceso ao alumnado a diversa literatura especializada sobre a materia de diferentes autores e estilos para incentivar o seu interese.

A canle de YouTube será un elemento de promoción da especialidade e do centro, coa posibilidade de que o alumnado comparta con outros a través das redes sociais ou fora delas o traballo que realiza semanalmente.

6. Secuenciación do curso

6.1. 1º Grao Elemental

6.1.1. Obxectivos.

O primeiro curso de grao elemental das ensinanzas de clarinete contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Coñecer que é o clarinete e a súa familia .
- Adoitar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
- Coñecer a montaxe do clarinete, a súa limpeza e a forma básica do seu mantemento.
- Comezar a controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Adquirir unha técnica de estudio que sexa eficaz.
- Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
- Participar nas actividades programadas ao longo do curso: audicións de aula e audicións xerais.
- Memorizar algún fragmento musical.
- Introducir exercicios de lectura a primeira vista.
- Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.1.2. Contidos.

- Coñecemento do clarinete: familia e breve historia.
- Práctica da montaxe, limpeza e mantemento do instrumento.
- Práctica e fortalecemento dos músculos faciais e abdominais.
- Adquisición dunha boa posición do clarinete e do corpo.
- Exercicios de articulación: picado e/ou ligado.
- Exercicios de emisión producindo un son estable.
- Coñecemento e práctica dende o rexistro do instrumento Mi2 ata o Do5.
- Escalas e arpexios de DoM/Lam, SolM/Mim, FaM/Rem en diferentes figuracións e articulacións.

- Análise dos pasos mais importantes para a consecución dunha técnica de estudio axeitada.
- Interpretación de fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
- Preparación das actividades do curso con e sen pianista acompañante.
- Práctica de conxunto.
- Demostrar o interese polo estudio do clarinete e a música en xeral.
- Exercicios para adquirir o hábito de memorizar algún fragmento musical..
- Práctica de exercicios de lectura a primeira vista.
- Participación activa na aula de instrumento.

6.1.3. Avaliación.

Ao comezo do curso levarase a cabo a **avaliación inicial** que axudará a coñecer a situación de partida do alumnado. Realizarase a través da observación, probas prácticas e orais. Dita avaliación quedará reflectida no **Libro de Seguimento** do alumnado.

6.1.3.1 Criterios de avaliación.

1. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
2. Emitir un son estable por medio dunha respiración e embocadura axeitadas.
3. Conocer as características básicas do instrumento.
4. Dominar os rexistros grave e medio en diferentes figuracións e articulacións.
5. Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
6. Participar nas actividades programadas ao longo do curso: audicións de aula e audicións xerais.
7. Memorizar algún fragmento musical.
8. Introducir exercicios de lectura a primeira vista.
9. Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.1.3.2 Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe)

1. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

IA. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento.

2. Emitir un son estable por medio dunha respiración e embocadura axeitadas.

3. Coñecer as características básicas do instrumento.
4. Dominar os rexistros grave e medio en diferentes figuracións e articulacións.
IA. Dominar o rexistro grave e medio de Mi2 a Do4 en diferentes figuracións e articulacións.
5. Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
IA. Interpretar como mínimo un fragmento musical cada trimestre.
6. Participar nas audicións de aula e/ou audicións xerais programadas ao longo do curso.
IA. Participar nunha audición xeral programada ao longo do curso.
7. Memorizar algún fragmento musical.
8. Introducir exercicios de lectura a primeira vista.
9. Fomentar a participación activa do alumnado na materia de clarinete ao longo do curso.

6.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación.

Ao longo do curso se avaliará ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o nivel do alumno no curso que comeza; **continua** ou sumativa, ao longo do curso segundo a súa evolución actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución.

A avaliación continua do alumando quedará reflexada no **caderno do docente** onde poden aparecer recollidos, entre outros, os seguintes puntos:

- Calidade dos traballos e tarefas realizadas durante o curso.
- Observación do alumnado nas actividades programadas ao longo do curso..
- Observación do alumnado sobre aqueles contidos traballados na aula.
- Participación activa do alumnado na materia de clarinete ao longo do curso.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

Como ferramenta de avaliación os docentes poderán empregar a rúbrica que aparece no **ANEXO I**.

6.1.3.4 Criterios de cualificación.

CRITERIOS TÉCNICOS 40%

CC1. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

CC2. Emitir un son estable por medio dunha respiración e embocadura axeitadas.

CC3. Dominar os rexistros grave e medio en diferentes figuraciones e articulacións.

CC4. Coñecer as características básicas do instrumento.

CRITERIO INTERPRETATIVO 40%

CC5. Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.

CC6. Participar nas audicións de aula e/ou audicións xerais programadas ao longo do curso.

CC7. Memorizar algún fragmento musical.

CC8. Introducir exercicios de lectura a primeira vista.

CRITERIO ACTITUDINAL 20%

CC9. Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.1.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado **cun mes de antelación**, naqueles casos nos que o alumnado teña superados os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e **sempre que a totalidade do profesorado do alumnado esté de acordo**. O profesorado poderá realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

A concesión de ampliación de matrícula consistirá na interpretación de 3 pezas ou obras de diferentes estilos, 6 estudos, escalas e arpejos correspondentes ao curso que aspiran a un fragmento de lectura a primeira vista. Este repertorio será escollido polo examinando dentro do repertorio da asignatura de clarinete do curso a ampliar.

As obras a presentar polo examinando deberán ser consultadas por este co seu profesor, profesora, xefe ou xefa de departamento de vento madeira para que se axeiten ao nivel real do curso; de non terse consultado, o profesor ou a profesora da materia valorará o nivel das obras presentadas polo examinando, que, no caso de que non seren acordes ao preceptivo nivel, será a causa principal da non superación do exercicio e, polo tanto, da materia.

Cada examinando deberá consultar tódolos apartados pedagóxicos (*obxectivos, contidos, criterios de avaliación, criterios de cualificación...*) do curso ao que se presenta para poder superar a proba correspondente.

Os acompañantes que o examinando presente á proba, serán competencia e responsabilidade exclusiva deste. O conservatorio non ten a obriga de proporcionar os medios humanos de acompañamento co que se realizará a devandita proba.

6.1.4. Medidas de recuperación.

Procedementos de recuperación ordinarios:

As medidas de recuperación que se van a empregar en cada curso, estarán baseados nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, por medio de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o titor ou a titora poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua co profesorado do alumnado

Por tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o alumnado presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un alumno ou alumna teña pendente a materia de clarinete, deberá recuperala no curso seguinte, pero non se comezará cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

6.1.5 Probas extraordinarias.

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá unha proba extraordinaria na que deberá amosar que acadou os obxectivos mínimos do curso.

O contido da proba será notificada ao alumnado no seu correspondente Informe de Avaliación Negativa entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net.

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe, ou xefa de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias

6.1.6 Repertorio orientativo.

- Díe Fröhliche Klarinette . Band 1. Rudolf Mauz.
- Díe Fröhliche Klarinette . Spielbuch 1. Rudolf Mauz
- Aprende tocando el clarinete. Peter Wastall / Ed. De Haske
- Clarinette Hebdo (Débutant). Serge Dangain
- ABC del joven Clarinetista. Vol 1 guy dangain/ Ed.Billaudot.
- Music Through Time. Paul Harris/ Ed. Oxford Music.
- Selected Duets, Vol. 1. Voxman/ Ed. Rubank Educational.
- Enjoy playing the Clarinet. Rut Bonetti/Ed. Oxford.
- Primer Metodo Completo. A. Romero/ Ed. UME
- Methode pratique et progressive. Jean Calme
- A Tune Day, Vol 1. Paul Herfurth/ Ed Boston Music Company
- Learning play the Klarinet Vol 1. Henk Tromp.

Nota: ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o profesorado considere oportunos.

6.2. 2º Grao Elemental.

6.2.1. Obxectivos.

O segundo curso de grao elemental das ensinanzas de clarinete contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Adoitar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Adquirir unha técnica de estudio que sexa eficaz.
- Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
- Participar nas actividades programadas ao longo do curso: audicións de aula e audicións xerais.

- Memorizar algún fragmento musical.
- Practicar ejercicios de lectura a primeira vista.
- Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.2.2. Contidos.

- Práctica e fortalecemento dos músculos faciais e abdominais.
- Adquisición dunha boa posición do clarinete e do corpo.
- Exercicios de articulación: picado e/ou ligado.
- Estudo do nome das chaves do instrumento.
- Exercicios de emisión producindo un son estable.
- Coñecemento e práctica dende o rexistro do instrumento Mi2 ata o Mi5.
- Escalas e arpexios ata dúas alteracións maiores e menores en diferentes figuracións e articulacións.
- Escala cromática dende Mi2 ata Mi5 en diferentes figuracións e articulacións.
- Análise dos pasos máis importantes para a consecución dunha técnica de estudio axeitada.
- Interpretación de fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
- Preparación das audicións do curso con e/ou sen pianista acompañante.
- Práctica de conxunto.
- Demostrar o interese polo estudio do clarinete e a música en xeral.
- Exercicios para adquirir o hábito de memorizar algún fragmento musical..
- Práctica de exercicios de lectura a primeira vista.
- Participación activa na aula de instrumento.

6.2.3. Avaliación.

Ao comezo do curso levarase a cabo a **avaliación inicial** que axudará a coñecer a situación de partida do alumnado. Realizarase a través da observación, probas prácticas e orais. Dita avaliación quedará reflectida no **Libro de Seguimento** do alumnado.

6.2.3.1 Criterios de avaliación.

10. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

11. Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son axeitado ao nivel do curso.
12. Coñecer o nome das chaves do instrumento.
13. Dominar os rexistros grave, medio e agudo en diferentes figuraciones e articulacións.
14. Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
15. Participar nas actividades programadas ao longo do curso: audicións de aula e audicións xerais.
16. Memorizar algún fragmento musical.
17. Practicar exercicios de lectura a primeira vista.
18. Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.2.3.2 Mínimos esixibles. (IA: Indicativos de aprendizaxe).

1. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
IA. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento.
2. Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son axeitado ao nivel do curso.
IA. Articular picando e/ou ligando.
IA. Emitir producindo un son estable.
IA. Dominar a escala cromática dende o Mi2 ata o Do5 en diferentes figuraciones e articulacións.
3. Coñecer o nome das chaves do instrumento.
4. Dominar os rexistros grave, medio e agudo en diferentes figuracions e articulacións.
IA. Dominar o rexistro grave e medio de Mi2 a Do5 en diferentes figuraciones e articulacións.
5. Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
IA. Interpretar como mínimo un fragmento musical cada trimestre.
6. Participar nas actividades programadas ao longo do curso: audicións de aula e audicións xerais.
IA. Participar nunha audición xeral programada ao longo do curso.
7. Memorizar algún fragmento musical.
8. Practicar exercicios de lectura a primeira vista.
9. Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.2.3.3 *Procedementos e ferramentas de avaliación.*

Ao longo do curso se avaliará ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o nivel do alumno no curso que comeza; **continua** ou sumativa, ao longo do curso segundo a súa evolución actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución.

A avaliación continua do alumando quedará reflexada no **caderno do docente** onde poden aparecer recollidos, entre outros, os seguintes puntos:

- Calidade dos traballos e tarefas realizadas durante o curso.
- Observación do alumnado nas actividades programadas ao longo do curso..
- Observación do alumnado sobre aqueles contidos traballados na aula.
- Participación activa do alumnado ao longo do curso.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

Como ferramenta de avaliación os docentes poderán empregar a rúbrica que aparece no **ANEXO I**.

6.2.3.4 *Criterios de cualificación.*

CRITERIOS TÉCNICOS 40%

CC1. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

CC2. Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son axeitado ao nivel do curso.

CC2. Emitir un son estable por medio dunha respiración e embocadura axeitadas.

CC3. Dominar os rexistros grave, medio e agudo en diferentes figuracións e articulacións.

CC4. Coñecer o nome das chaves do instrumento.

CRITERIO INTERPRETATIVO 40%

CC5. Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.

CC6. Participar nas actividades programadas ao longo do curso: audicións de aula e audicións xerais.

CC7. Memorizar algún fragmento musical.

CC8. Practicar exercicios de lectura a primeira vista.

CRITERIO ACTITUDINAL 20%

CC9. Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado **cun mes de antelación**, naqueles casos nos que o alumnado teña superados os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e **sempre que a totalidade do profesorado do alumnado esté de acordo**. O profesorado poderá realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

A concesión de ampliación de matrícula consistirá na interpretación de 3 pezas ou obras de diferentes estilos, 6 estudos, escalas e arpeخيos correspondentes ao curso que aspiran e un fragmento de lectura a primeira vista. Este repertorio será escollido polo examinando dentro do repertorio da asignatura de clarinete do curso a ampliar.

As obras a presentar polo examinando deberán ser consultadas por este co seu profesor, profesora, xefe ou xefa de departamento de vento madeira para que se axeiten ao nivel real do curso; de non terse consultado, o profesor ou a profesora da materia valorará o nivel das obras presentadas polo examinando, que, no caso de que non seren acordes ao preceptivo nivel, será a causa principal da non superación do exercicio e, polo tanto, da materia.

Cada examinando deberá consultar tódolos apartados pedagóxicos (*obxectivos, contidos, criterios de avaliación, criterios de cualificación...*) do curso ao que se presenta para poder superar a proba correspondente.

Os acompañantes que o examinando presente á proba, serán competencia e responsabilidade exclusiva deste. O conservatorio non ten a obriga de proporcionar os medios humanos de acompañamento co que se realizará a devandita proba.

6.2.4. Medidas de recuperación.

Procedementos de recuperación ordinarios:

As medidas de recuperación que se van a empregar en cada curso, estarán baseados nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, por medio de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte

do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o titor ou a titora poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua co profesorado do alumnado

Por tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o alumnado presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un alumno ou alumna teña pendente a materia de clarinete, deberá recuperala no curso seguinte, pero non se comezará cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

6.2.5. Probas extraordinarias.

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá unha proba extraordinaria na que deberá amosar que acadou os obxectivos mínimos do curso.

O contido da proba será notificada ao alumnado no seu correspondente Informe de Avaliación Negativa entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net.

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe ou xefa de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

6.2.6 Recursos didácticos.

- Díe Fröhliche Klarinette. Band 2. Rudolf Mauz.
- Díe Fröhliche Klarinette. Spielbuch 2. Rudolf Mauz.
- Aprende tocando el clarinete. Peter Wastall / Ed. De Haske.
- Clarinette Hebdo (Débutant). Serge Dangain.
- A Tune Day, Vol 2. Paul Herfurth/ Ed Boston Music Comp.
- ABC del joven Clarinetista. Vol 1. Guy Dangain/ Ed. Billaudot.
- Music Through the Time. Paul Harris/ Ed. Oxford Music.
- Enjoy playing the Clarinet. Rut Bonetti/Ed. Oxford.
- Primer Metodo Completo. A. Romero/ Ed. UME.

- 26 Estudios fáciles. J. Lancelot.
- Learning play the Klarinet Vol 1, 2. Henk Tromp.
- XA MOMÓ Canción de “colo” (Cl/Pn) María de la O Gil Lago.

Nota: ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.

6.3. 3º Grao Elemental.

6.3.1. Obxectivos.

O terceiro curso de grao elemental das ensinanzas de clarinete contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Adoitar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son axeitado ao nivel do curso.
- Coñecer o nome das chaves do instrumento.
- Adquirir unha técnica de estudio que sexa eficaz.
- Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.
- Participar nas actividades programadas ao longo do curso: audicións de aula e audicións xerais.
- Memorizar algún fragmento musical.
- Practicar exercicios de lectura a primeira vista.
- Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.3.2. Contidos.

- Práctica e fortalecemento dos músculos faciais e abdominais.
- Adquisición dunha boa posición do clarinete e do corpo.
Ao longo do curso se avaliará ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o nivel do alumno no curso que comeza; **continua** ou sumativa, ao longo do curso segundo a súa evolución actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución.

A avaliación continua do alumando quedará reflexada no **caderno do docente** onde poden aparecer recollidos, entre outros, os seguintes puntos:

- Calidade dos traballos e tarefas realizadas durante o curso.
- Observación do alumnado nas actividades programadas ao longo do curso..
- Observación do alumnado sobre aqueles contidos traballados na aula.
- Participación activa do alumnado ao longo do curso.

Puntuación:

Respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual o maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste modo, só se empregarán números enteiros.

Como ferramenta de avaliación os docentes poderán empregar a rúbrica que aparece no **ANEXO I**.

6.10.3.4 Criterios de cualificación.

CRITERIOS TÉCNICOS 40%

CC1. Adoitar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

CC2. Emitir un son estable por medio dunha respiración e embocadura axeitadas.

CC3. Dominar os rexistros grave e medio en diferentes figuraciones e articulacións.

CC4. Coñecer as características básicas do instrumento.

CRITERIO INTERPRETATIVO 60%

CC5. Interpretar fragmentos musicais axeitados ao nivel do curso.

CC6. Participar nas actividades programadas ao longo do curso: audicións de aula e audicións xerais.

CC7. Memorizar algún fragmento musical.

CC8. Introducir exercicios de lectura a primeira vista.

CC9. Fomentar a participación activa do alumnado ao longo do curso.

6.10.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado **cun mes de antelación**, naqueles casos nos que o alumnado teña superados os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e **sempre que a totalidade do profesorado do alumnado esté de acordo**. O profesorado poderá realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

A concesión de ampliación de matrícula consistirá na interpretación de 3 pezas ou obras de diferentes estilos, 6 estudos, escalas e arpeخيos correspondentes ao curso que aspiran e un fragmento de lectura a primeira vista. Este repertorio será escollido polo examinando dentro do repertorio da asignatura de clarinete do curso a ampliar.

As obras a presentar polo examinando deberán ser consultadas por este co seu profesor, profesora, xefe ou xefa de departamento de vento madeira para que se axeiten ao nivel real do curso; de non terse consultado, o profesor ou a profesora da materia valorará o nivel das obras presentadas polo examinando, que, no caso de que non seren acordes ao preceptivo nivel, será a causa principal da non superación do exercicio e, polo tanto, da materia.

Cada examinando deberá consultar tódolos apartados pedagóxicos (*obxectivos, contidos, criterios de avaliación, criterios de cualificación...*) do curso ao que se presenta para poder superar a proba correspondente.

Os acompañantes que o examinando presente á proba, serán competencia e responsabilidade exclusiva deste. O conservatorio non ten a obriga de proporcionar os medios humanos de acompañamento co que se realizará a devandita proba.

6.10.4 Medidas de recuperación.

Procedementos de recuperación ordinarios:

As medidas de recuperación que se van a empregar en cada curso, estarán baseados nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, por medio de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o titor ou a titora poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua co profesorado do alumnado

Por tratarse dunha avaliación continúa as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o alumnado presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un alumno ou alumna teña pendente a materia de clarinete, deberá recuperala no curso seguinte, pero non se comezará cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

6.10.5. Probas extraordinarias.

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá unha proba extraordinaria na que deberá amosar que acadou os obxectivos mínimos do curso.

O contido da proba será notificada ao alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativa entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net.

O profesorado poderá solicitar o asesoramento doutro especialista da materia ou xefe, ou xefa de Departamento para a realización destas probas. Esta función só será de asesorar mediante un informe ao titular, que será o que realice a avaliación das probas extraordinarias.

6.10.6 Recursos orientativos.

- | | |
|---------------------------------|------------------|
| • 48 Estudios Vol.II | Uhl/Scho KLB 13. |
| • Estudios melódicos | Jean Jean |
| • Gran Dúo Concertante | C.M. von Wéber |
| • Pezas fantásticas op.73 | R. Schumann |
| • Dúo concertante | D. Milhaud |
| • Sonatina | Juan Durán |
| • Sonata para clarinete e piano | Hindemith |
| • Dance Preludes | Lutoslavsky |
| • Tres Piezas | Stawinsky |
| • Capricho Pintoresco | M.Yuste |
| • Sonata en mi b Op.167 | Saint-Säens |
| • Rapsodia | Miluccio |
| • Dúo Concertante op 15 | Burgmüller |

Nota: ademais dos métodos e obras aquí expostos, poderanse utilizar aqueles de semellante dificultade que o/a profesor/a considere oportunos.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados da aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o profesor pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase.

Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que olvidar que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, o profesorado da especialidade de clarinete organizará, ao longo do curso, audicións, probas e concertos co fin de que o alumnado poidan demostrar a asimilación e o desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando sós, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento. Proporase ao alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis á hora de avaliar ao alumnado.

Outras. A comunicación entre o alumnado e profesorado permítenos saber as inquiredanzas do alumnado por medio das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais.

O seguimento da Programación realizarse nas reunións de Departamento, no que será un dos puntos a tratar na orde do día. Tódalas incidencias, modificacións que sexan necesarias, serán revisadas e quedarán constancia delas nas diferentes reunións e reflectidas na Memoria Final do Departamento. Para a realización da Homoxeneización os/as profesores/as da mesma materia acordarán os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción.

Os Profesores e profesoras comunicarán coa suficiente antelación as datas das Audicións, probas de Aula ou todas aquelas actividades que poidan servir para a realización da **Calibración**. A posta en

común dos resultados, conclusións ou axustes poderán levarse a cabo nas diferentes Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación.

O medio para facer a **calibración** será unha rúbrica aprobada polos membros da especialidade onde se contemplan tódolos criterios pedagóxicos presentados na programación. **(ANEXO II)**

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos e alumnas: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, realización de ensaios, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos e alumnas, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que o profesorado estime necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificaranse criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental do alumnado e os grupos .

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (pianos de cola en número suficiente e aulas con dous pianos), mobiliario axeitado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesorado axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores e profesoras, etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, que permita ao profesorado e alumnado levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.

Neste eido vai incluída unha enquisa do departamento que será enviada por centrosNet ao alumnado que cursa esta asignatura, para facer unha valoración do desenvolvemento do curso e reforzar

mediante plans de mellora una ensinanza de clarinete que cumpla as expectativas profesionais do currículo. (**ANEXO III**)

9. ANEXOS

9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional.

O aspirante ou a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba.

O Centro dispón dun servizo de pianista acompañante para a realización desta proba, deberá consultar as condicións no momento de formalizar a matrícula.

As probas de acceso ó primeiro curso de grao profesional consistirá na interpretación de tres obras de diferentes estilos interpretativos, sendo unha delas interpretada de memoria.

A elección das tres obras será axeitada ó nivel que se pretende acceder e no que se reflectirán os obxectivos e contidos conseguidos ó longo de todo o grao elemental.

O centro facilitará un repertorio orientativo das obras de acceso a primeiro de grao profesional. En caso de ser diferentes o tribunal determinará a idoneidade das obras presentadas por si non alcanzan o nivel para o curso o que se vai a optar.

9.1.1. Contidos

- a. Control e demostración do coñecemento de estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc,) para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- b. Interpretación correcta (afinación, colocación, emisión do son, dinámica, expresividade, articulacións...) do repertorio elexido.
- c. Interpretación de tres obras de diferentes estilos, sendo unha delas interpretada de memoria.

9.1.2. Criterios de avaliación e cualificación:

- a) Dominar a postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- b) Valorar a eficacia da técnica de respiración.

- c) Controlar unha óptima calidade do son e a súa emisión.
- d) Empregar diferentes articulacións: picado e legato.
- e) Demostrar amplitude nas diferentes dinámicas.
- f) Evaluar a capacidade expresiva na interpretación do repertorio.
- g) Calcular a coherencia na interpretación musical: interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo.
- h) Considerar a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

Para realizar a avaliación da proba instrumental de clarinete terase en conta os seguintes criterios:

1. 20% **Notación:** precisión, digitación e coordinación
2. 20% **Tempo:** pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade, precisión.
3. 20% **Son:** Planos sonoros, equilibrio entre os rexistros, sensibilidade.
4. 20% **Estilo:** Matices, articulacións e forma.
5. 20% **Interpretación:** expresión musical, seguridade, conciencia corporal, memoria.

9.1.3. Repertorio orientativo:

As obras deberán levar, se é o caso, acompañamento de piano.

- | | |
|---------------|-----------------|
| • Fantasía | C. Nielsen |
| • Aria | E.Bozza |
| • Sonata nº 1 | X. Lefèvre |
| • Romance | M. Reger |
| • Sonatina | P. Harris |
| • Adagio | C. Baermann |
| • Capricho | Darius Milhaud |
| • Bagatelles | Alexander White |

9.2. Probas de acceso a outros cursos

Os aspirantes deberán consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba. Calquera acompañamento correrá a cargo do aspirante.

9.2.1. Probas de Acceso de 2ª a 4ª G.E.

As probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio, e consistirán en:

a) Interpretación de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal. O nivel das obras deberá corresponder, cando menos, ao curso anterior ao que se opte, segundo os contidos que aparezan na presente programación didáctica. Nesta proba, se algunha das obras do repertorio elixido polo aspirante require instrumentistas acompañantes, estes non serán, en ningún caso, facilitados polo conservatorio.

b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

9.2.1.1 2º Grao Elemental.

Contidos

- Afinación, fraseo, articulación, ritmo e dinámica.
- Emprego dos músculos faciais e abdominais.
- Posición correcta do clarinete e do corpo.
- Correcta emisión do son.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso.
- Memorización aun texto musical.

Criterios de avaliación

1. Coñecer o que é o clarinete, a súa familia e a forma de producir o son.
2. Adoitar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.
3. Emitir un son estable na extensión que se considere para este curso.
4. Interpretar algún texto musical de memoria.
5. Dominar a interpretación, ao criterio do tribunal, do programa de exame elixido.

Repertorio orientativo

- Díe Fröhliche Klarinette . Spielbuch 1. Rudolf Mauz
- Music Through The Time. Paul Harris/ Ed. Oxford Music.
- Primer Método Completo. A. Romero/ Ed. UME
- A Tune Day, Vol 1. Paul Herfurth/ Ed Boston Music Company

9.2.1.2 3º Grao Elemental.

Contidos

- Afinación, fraseo, articulación, ritmo e dinámica.
- Emprego dos músculos faciais e abdominais.
- Posición correcta do clarinete e do corpo.
- Correcta emisión do son.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso.
- Memorización aun texto musical.

Criterios de avaliación

1. Dominar, controlando a emisión do son en diferentes rexistros as articulacións nas escalas hasta dúas alteracións.
2. Interpretar de un modo axeitado, ao criterio do tribunal, o programa de exame escollido polo alumno.
3. Memorizar dentro do posible textos musicais controlando a emisión do son en diferentes rexistros.

Repertorio orientativo

- Díe Fröhliche Klarinette. Spielbuch 2. Rudolf Mauz.
- A Tune Day, Vol 2. Paul Herfurth/ Ed Boston Music Company
- Music Through the Time. Paul Harris/ Ed. Oxford Music.
- Primer Metodo Completo. A. Romero/ Ed. UME.

9.2.1.3. 4º Grao Elemental

Contidos

- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha posición correcta do clarinete e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso

Criterios de avaliación

1. Memorizar dentro do posible textos musicais.
2. Interpretar de modo axeitado, ao criterio do tribunal, o programa de exame escollido polo alumno

3. Ler a primeira vista obras e estudos.
4. Dominar, controlando a emisión do son en diferentes rexistros as articulacións nas escalas hasta tres alteracións.

Repertorio orientativo

- Método Completo para Clarinete. H. Klose
- Primer Método Completo. A. Romero/ Ed. UME.
- Die Fröhliche Klarinette. Band 3. Rudolf Mauz
- Die Fröhliche Klarinette. Spielbuch 3. Rudolf Mauz

9.2.1.4 Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 2º, 3º e 4º G.E.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliábeis e seguindo as seguintes porcentaxes:

1. Criterios técnicos: 60%
2. Criterios estéticos: 40%

9.2.2. Probas de Acceso de 2º a 6º G.P.

O aspirante ou a aspirante deberán consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba.

Calquera acompañamento correrá a cargo do aspirante.

Para a realización da proba o aspirante ou a aspirante presentará tres obras, xa sexan as expostas nesta lista ou da mesma ou parecida dificultade das expostas nesta relación. Como mínimo, unha das obras que presente, debe ter unha formación, de a lo menos, dúas persoas (para a valoración de Música de Cámara ou Conxunto). En caso de ser diferentes, o tribunal ditaminará a idoneidade das obras.

As obras deberán levar, si é o caso, acompañamento de piano.

9.2.2.1 Acceso a 2º de GP

Contidos

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición do clarinete e do corpo.

- Correcta emisión do ton.

Criterios de avaliación

1. Dominar a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
2. Demostrar a eficacia da técnica de respiración .
3. Valorar a calidade do son e a súa emisión.
4. Demostrar a calidade da articulación e do “legato”.
5. Coñecer a amplitude dinámica.
6. Mostrar a capacidade expresiva da interpretación.
7. Expresar coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
8. Amosar seguridade durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo.

- | | |
|---|-----------------|
| • Concertino para Clarinete e Orquestra | C.M. von Weber |
| • Sonata en sol m | Haendel |
| • Concerto para Clarinete e orquestra | N. R. Korsakoff |
| • Divertimento nº 3 | W. A. Mozart |
| • Habanera | M. Ravel |
| • Four short pieces | Ferguson |
| • Tema y variaciones | G. Rossini |

9.2.2.2. Acceso a 3º de GP

Contidos

- Coñecemento dunha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregao correctamente dos músculos faciais e abdominais.
- Demostración dunha correcta posición do clarinete e do corpo.
- Correcta emisión do son.

Criterios de avaliación

1. Dominar a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
2. Demostrar a eficacia da técnica de respiración .
3. Valorar a calidade do son e a súa emisión.
4. Demostrar a calidade da articulación e do “legato”.
5. Coñecer a amplitude dinámica.
6. Mostrar a capacidade expresiva da interpretación.
7. Expresar coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
8. Amosar seguridade durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo.

- | | |
|---|-------------|
| • Sonata en do m | Haendel |
| • Romanza en Mib | R. Strauss |
| • Suite in Five | Paul Harris |
| • Sonatina | D. Milhaud |
| • Five Bagatellas | G. Finzi |
| • Primer solo de concierto para clarinete | A. Romero |

9.2.2.3. Acceso a 4º de GP

Contidos

- Coñecemento dunha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregao correctamente dos músculos faciais e abdominais.
- Demostración dunha correcta posición do clarinete e do corpo.
- Correcta emisión do son.

Criterios de avaliación

1. Dominar a postura do corpo no desenrolo da execución musical.

2. Demostrar a eficacia da técnica de respiración .
3. Valorar a calidade do son e a súa emisión.
4. Demostrar a calidade da articulación e do “legato”.
5. Coñecer a amplitude dinámica.
6. Mostrar a capacidade expresiva da interpretación.
7. Expresar coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
8. Amosar seguridade durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo.

- | | |
|-------------------------------------|-----------------|
| • Sonata | Wänhal |
| • Sonata en Si b | F. Danzi |
| • Introducción , tema y variaciones | C. m. Von Weber |
| • Capricho Píntoresco | M. Yuste |
| • Monólogo 3 | Erland Von Koch |

9.2.2.4. Acceso a 5º de GP

Contidos

- Coñecemento dunha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregao correctamente dos músculos faciais e abdominais.
- Demostración dunha correcta posición do clarinete e do corpo.
- Correcta emisión do son.

Criterios de avaliación

1. Dominar a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
2. Demostrar a eficacia da técnica de respiración .
3. Valorar a calidade do son e a súa emisión.

4. Demostrar a calidade da articulación e do “legato”.
5. Coñecer a amplitude dinámica.
6. Mostrar a capacidade expresiva da interpretación.
7. Expresar coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
8. Amosar seguridade durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo

- | | |
|--------------------------|-----------------------|
| • Deuxieme Sonate | Devienne/EMT. |
| • Adagio y Tarantella | Cavallini |
| • Concierto nº1 en fa m | C.M. von Weber |
| • Sonatina 1927 | D. Milhaud |
| • Concierto en Fa m Op.5 | Crusell/UE 19084 |
| • Variaciones en do | Rossini/Zan. |
| • Solo de Concurso | Rabeau/Leduc |
| • Sonatina | Gordon Jacob/Nou-Arch |

9.2.2.5. Acceso a 6º de GP

Contidos

- Coñecemento dunha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregao correctamente dos músculos faciais e abdominais.
- Demostración dunha correcta posición do clarinete e do corpo.
- Correcta emisión do son.

Criterios de avaliación

1. Dominar a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
2. Demostrar a eficacia da técnica de respiración .
3. Valorar a calidade do son e a súa emisión.
4. Demostrar a calidade da articulación e do “legato”.
5. Coñecer a amplitude dinámica.
6. Mostrar a capacidade expresiva da interpretación.

7. Expresar coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
8. Amosar seguridade durante o desenvolvemento da proba.

Repertorio orientativo

• Estudio	Donizetti
• Gran Dúo Concertante	C.M. von Wéber
• Estudio melódico	Yuste
• Dúo concertante	D. Milhaud
• Sonatina	Juan Durán
• Capricho para clarinete solo	H. Sutermeister
• Sonata para clarinete e piano	Hindemith
• Premiere Sonata	Devienne

9.2.2.6 Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 2º a 6º G.P.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo estas porcentaxes.

- Para os cursos de 2º G.P a 4º G.P:

1. **Criterios técnicos: 60%**
2. **Criterios estéticos: 40%**

- Para os cursos de 5º G.P e 6º G.P:

3. **Criterios técnicos: 40%**
4. **Criterios estéticos: 60%**

9.3. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.

1. Poderán presentarse todos aqueles alumnos e alumnas do Conservatorio Profesional Xan Viaño que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.
2. O concurso terá lugar ante un tribunal de tres membros único para todos os candidatos, non podendo ser membros deste tribunal aqueles profesores que o foran dos candidatos no presente curso.

3. Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba. Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.
4. O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.
5. Os candidatos terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.
6. Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.
7. O tribunal terá plena liberdade para interromper a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

Criterios de avaliación

- ❖ Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobarase que o alumno ou alumna demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarase segundo os seguintes indicadores:
 - Demostrar a dificultade do repertorio.
 - Controlar o ritmo e medida das figuras.
 - Mostar claridade e igualdade de dixitación.
 - Calidade do son.
- ❖ Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumno o alumna mediante os seguintes indicadores:
 - Aplicar as articulacións segundo o estilo da obra.
 - Adecuar o son aos diferentes estilos
 - Adaptar as dinámicas a cada estilo de interpretación
 - Concretar a execución dos ornamentos
- ❖ Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos. Con este criterio se comprobará o rigor do alumno ou alumna na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:
 - Respectar dos aires e movementos.
 - Mostrar fidelidade nas indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura.
 - Demostrar exactitude na exposición das notas.

- ❖ Amosar as dotes artísticas e a unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumno ou alumna mediante os seguintes indicadores:
 - Mostrar capacidade de comunicación musical.
 - Conseguir concentración ao longo do recital.

9.4 Rúbrica de avaliación.

9.5 Rúbrica de calibración.

Rúbrica para a avaliación de clarinete

Ítem	Nivel 1 (Insuficiente)	Nivel 2 (Suficiente)	Nivel 3 (Ben)	Nivel 4 (Notable)	Nivel 5 (Sobresaliente)
Posición	Postura incorrecta, inestable e pouco controlada.	Posición algo rixida, necesita axustes.	Postura xeralmente correcta, pero con algúns erros.	Posición adecuada, estable e correcta na maior parte do tempo.	Postura excelente, controlada e relaxada en todo momento.
Coordinación	Falta de sincronización entre as mans e os dedos.	Coordinación básica pero con erros frecuentes.	Coordinación adecuada pero con algunhas dificultades.	Boa coordinación, erros menores ocasionais.	Coordinación fluída e precisa en todo momento.
Emisión	Son inestable e sen control do fluxo de aire.	Son aceptable pero con inestabilidade en momentos críticos.	Son xeralmente bo, pero con algunha perda de control.	Son limpo e ben controlado con pequenas imprecisións.	Emisión clara e precisa, control perfecto do son.
Respiración	Mala xestión do aire, respiracións curtas e mal situadas.	Respiración básica pero insuficiente para pasaxes longas.	Boa xestión do aire, pero con erros ocasionais en pasaxes longas.	Correcta respiración, con boa colocación e resistencia.	Excelente xestión do aire, respiracións ben ubicadas e controladas.
Embocadura	Embocadura inestable, afecta gravemente a calidade do son.	Embocadura algo inestable, mellora necesaria.	Embocadura xeralmente correcta, con lixeiras imprecisións.	Boa embocadura, ben formada e estable.	Embocadura excelente, estable e precisa en todo momento.
Características instrumentais	Non logra controlar ou diferenciar as características instrumentais básicas.	Control limitado das características instrumentais, con moitos erros.	Control aceptable das características, pero con fallos ocasionais.	Bo control das características instrumentais, con precisión na maior parte das ocasións.	Control excelente das características instrumentais, cun gran dominio.
Rexistros instrumentais	Incapaz de manexar os rexistros, soa fóra de ton ou non logra o rexistro correcto.	Manexo limitado dos rexistros, con erros frecuentes.	Manexo aceptable dos rexistros, con algúns erros.	Bo manexo dos rexistros con precisión na maioría das ocasións.	Manexo impecable de todos os rexistros, gran versatilidade.
Articulacións	Articulacións imprecisas ou incorrectas, afectan á claridade do son.	Articulación básica, pero con falta de precisión e fluidez.	Articulación adecuada pero mellorable en precisión e fluidez.	Boa articulación, precisa e fluída na maior parte das ocasións.	Articulación impecable, clara e precisa en todo momento.
Interpretación	Sen expresión nin musicalidade, a interpretación é mecánica.	Interpretación básica, pero con pouca variación dinámica ou expresiva.	Boa interpretación, pero con falta de profundidade ou matices.	Interpretación notable, con boa expresión e matices.	Interpretación excepcional, expresiva, con gran sensibilidade musical.

Ítem	Nivel 1 (Insuficiente)	Nivel 2 (Suficiente)	Nivel 3 (Ben)	Nivel 4 (Notable)	Nivel 5 (Sobresaliente)
Memoria	Non logra memorizar as pezas.	Memoriza parcialmente a peza, pero con erros frecuentes.	Memoriza a maior parte da peza, con algúns fallos.	Memoriza correctamente a peza, con pequenos erros.	Memoria perfecta, execución impecable da peza sen partitura.
Lectura a primeira vista	Dificultades severas para ler e tocar simultaneamente.	Le á primeira vista, pero con erros importantes de ritmo ou notas.	Boa lectura á primeira vista, con algúns erros.	Lectura fluída á primeira vista, con erros mínimos.	Lectura impecable á primeira vista, con excelente fluidez.
Participación	Participa pouco, mostra desinterese polas actividades de clase.	Participación limitada, necesita motivación externa constante.	Participa de maneira adecuada, pero con momentos de pasividade.	Participación activa e constante na maior parte do tempo.	Participación entusiasta e constante, proactividade nas actividades.
Actitude	Actitude pouco colaborativa, sen disposición a aprender ou mellorar.	Actitude algo pasiva, mellora necesaria en disposición e concentración.	Actitude positiva, pero ocasionalmente dispersa ou desmotivada.	Actitude colaborativa, motivada e centrada na mellora.	Actitude excelente, sempre colaborativa, motivada e con gran interese por mellorar.

Rúbrica Calibración (clarinete)

Rúbrica Calibración (clarinete)	Puntos: 5	Puntos: 4	Puntos: 3	Puntos: 2	Puntos: 1
Musicalidade (crit. estético). Comunicación do contido dramático e emocional. 8.33%	A interpretación expresa o carácter, contido dramático e emocional da peza correctamente.	Unha segura e expresiva interpretación de gran parte dos contidos da partitura.	A. Interpretación é ordenada e convencionalmente expresiva.	Interpretación impulsiva e ausencia de planificación estrutural.	Non hai evidencias dunha interpretación expresiva.
Seguridade (crit. técnico) 8.33%	A interpretación é segura. Sen dúbidas en ningún dos aspectos.	Sen paróns nen tropezos. Pequenas inseguridades en fraseos, ritmos e/ou matices.	Xeralmente seguro. Recupérase axiña dos tropezos.	Controlar o instrumento é a única preocupación. Inaxeitada recuperación dos tropezos.	Sen control. Continuos paróns. A interpretación é errática e inconsistente.
Fluidez (crit. estético) 8.33%	Toda a peza é interpretada con fluidez. O pulso é estable e flexible onde é necesario.	A maior parte da peza interprétase con fluidez, aínda que con pequenas	Só se aprecia fluidez nalgunhas partes da peza. O pulso é inestable en ocasións.	En poucas ocasións a peza soa fluída. O pulso é inestable en xeral.	Non hai evidencia de fluidez na interpretación.
Rango de dinámicas (crit. técnico) 8.33%	Utiliza todo o rango de posibilidades dinámicas que permite o instrumento.	As dinámicas son contrastantes pero non aproveita todo o potencial do	Aínda que hai diferenza entre dinámicas, o rango é relativo.	O rango de dinámicas é pobre.	Non se aprecia diferenza entre dinámicas.
Interpretación (crit. estético) Fraseo 8.33%	Apréciase en toda a peza o uso sutil das dinámicas para conseguir un fraseo coherente.	Xeralmente apréciase o uso sutil das dinámicas para conseguir un fraseo coherente.	En ocasións hai unha utilización sutil das dinámicas para conseguir un fraseo coherente.	O uso das dinámicas non é sutil. O fraseo non é coherente ca partitura.	Non se aprecia un uso consciente das dinámicas para conseguir un fraseo coherente.
Estilo (crit. estético) 8.33%	Aprécianse tódolos aspectos estilísticos propios da partitura.	Aprécianse a maior parte dos aspectos estilísticos propios da partitura.	Aprécianse aspectos estilísticos xerais sen excesivos detalles nen	Non se aprecian a maior parte dos aspectos estilísticos propios da partitura.	Non se aprecian aspectos estilísticos interpretados de xeito consciente.
Calidade do son (crit. estético) 8.33%	Son ben proxectado. Utilización sensible e coherente có pasaxe.	Boa conciencia da calidade do son. Principalmente controlado e consciente.	En xeral apréciase un control consciente da calidade do son.	En multitude de ocasións aprécianse lagoas no control do son.	Non se aprecia un control consciente do son.
Equilibrio nos rexistros (crit. estético) 8.33%	Distinguese sen esforzo un dominio de tódolos rexistros.	A maior parte dos rexistros non se escoitan dun xeito equilibrado.	Só se aprecian diferenzas entre os distintos rexistros.	Algunhas veces apréciase un control consciente do equilibrio dos rexistros.	Non se aprecia un control consciente do equilibrio dos rexistros.
Precisión (crit. técnico) Precisión rítmica 8.33%	O ritmo é preciso en toda-la interpretación.	O ritmo é preciso na maior parte da peza aínda que con algunha excepción.	Moitos patróns rítmicos son precisos aínda que outros moitos só se aproximan.	Algúns patróns rítmicos son incorrectos ou interpretados inconscientemente.	Moitos patróns rítmicos son incorrectos.
Precisión nas notas (crit. técnico) 8.33%	Tódalas notas son tocadas con precisión.	En xeral as notas son precisas, aínda que con algunha excepción nalgunhas notas sueltas.	En xeral as notas son correctas pero aprécise un pasaxe enteiro con notas incorrectas.	En varios pasaxes aprécianse erros frecuentes de notas.	A imprecisión chega a provocar paróns continuos na interpretación.
Precisión nas dinámicas (crit. técnico) 8.33%	Interpreta tódolos matices de xeito musical e creativo, acordes ca partitura.	Interpreta a maior parte dos matices con precisión.	En xeral interpreta tódolos matices pero con pouca precisión.	Algunhos matices non se aprecian nen son interpretados coscientemente.	Moitos matices non se aprecian.
Tempo (crit. técnico) 8.33%	O tempo correspóndese ó indicado na partitura.	O tempo aproxímase ó indicado saen que a sensación xeral se vexa afectada.	O tempo é significativamente distinto ó indicado, aínda que de xeito consciente.	O tempo é inadecuado provocando numerosos cambios de tempo incontrolados.	Impreciso e inconsistente.